

Ano 2022

MEMORIA ACTIVIDADES

UNIDADE DE IGUALDADE

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo- 36310
986 813 419
igualdade@uvigo.gal

ÍNDICE DE ACTIVIDADES

Accións do III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024

- Conmemorar os días especiais (11F, 8M, 25N) con campañas de sensibilización.
- Visibilizar as desigualdades de xénero na universidade, desagregar os datos estatísticos oficiais da UVigo por sexo e desenvolver unha análise de datos oficiais.
- Impulsar as actividades docentes e de sensibilización con perspectiva de xénero nos centros.
- Crear un distintivo de igualdade para promover a igualdade de xénero en todos os centros, facultades e escolas
- Visibilizar e reforzar a figura de enlace de igualdade.
- Reforzar con recursos humanos e económicos a Unidade de Igualdade.
- Elaborar cursos de formación en liña de xénero para formar toda a comunidade universitaria
- Impulsar a elaboración de material docente con perspectiva de xénero.
- Favorecer unha liña de publicación propia sobre estudos e investigación con perspectiva de xénero.
- Promover a investigación no marco dos estudos de xénero.
- Premios Exeria.
- Promover a implementación dun programa de ludoteca ocasional.
- Crear unha rede para detectar e apoiar o acoso sexual, acoso por razón de sexo e violencia de xénero e difundir os protocolos de actuación.
- Diseñar campañas multilingües contra o acoso sexual, razón de sexo e violencia de xénero para difundir entre o alumnado de intercambio.
- Promover, na medida do posible, a inclusión de medidas de acción positiva nos criterios de promoción profesional da universidade.

Outras actividades

- Boletín de Igualdade
- Cátedra Feminismos 4.0 DePo-UVigo
- Informe de seguimento do III Plan de Igualdade
- Reorganización do espazo web
- Actualización e comunicación do Protocolo de Acoso
- Campaña de difusión
- Calendario 2023
- Club de lectura feminista Rosario de Acuña
- Encontros coas delegacións de alumnado
- Puntos Lila
- Participación da Unidade de Igualdade en xornadas, seminarios e outras actividades
- Proposta para a Athena Alliance University
- Seguimento do funcionamento dos dispensadores
- Protocolo marco de actuación para a prevención e a sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo
- Protocolo para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas trans e intersexuais
- Convenios de colaboración
- Premios
- Queixas e suxestións
- Consultas

ACCIÓN DO III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2020-2024

Días sinalados



Cumprindo coa acción 1.1.1 do actual plan de igualdade, realizáronse campañas de sensibilización arredor do 11F, o 8M e o 25N.

[11F Día internacional da muller e da nena na Ciencia](#)

Con motivo do 11F, a Unidade de Igualdade prestou apoio económico e material á iniciativa [eXXperimenta en feminino](#), un referente no Campus de Ourense, e ao proxecto [ElasFanCienTec](#) do Campus de Vigo.

Ademais incorporáronse catro novas figuras á colección BRAVXS que da visibilidade a científicas que viviron o efecto Matilda no seu desenvolvemento profesional: [Katherine Johnson](#), [Katalin Karikó](#), [Valentina Tereshkova](#) e [Margaret Hamilton](#). Con estas novas científicas, fíxose unha nova tirada de caretas divulgativas de 1 800 unidades.



De forma complementaria, fixéronse 200 bolsas serigrafadas e 2 000 libretas de dúas destas figuras para dispoñer dun material de sensibilización e difusión diferente. Neste caso optouse por Katalin Karikó, bioquímica de especial relevancia no momento actual polo seu traballo no desenvolvemento das vacinas baseadas na molécula do ARN, e da bióloga Lynn Petra Alexander ou Lynn Margulis, primeira doutora [honoris causa](#) da Universidade de Vigo no ano 2007.

De forma paralela, levamos a cabo unha acción de difusión cos colexios da contorna para ofrecerlle ao alumnado referentes femininas na ciencia e dar a coñecer o efecto Matilda entre o alumnado. Para isto, enviáronselles aos 324 colexios públicos de primaria das provincias de Pontevedra e de Ourense a [colección de caretas](#), ilustradas por Marta Riera, coas que a Unidade de Igualdade pretende darlles visibilidade a mulleres destacadas no

mundo da ciencia e da enxeñaría. O envío ía acompañado dunha carta na que se explicaban os obxectivos desta medida e se facilitaba o acceso a outros materiais de interese en formato dixital. De xeito informal, sabemos que en moitos centros utilizaron este material como recurso docente e tamén para realizar actividades de sensibilización.

Tamén se facilitou a solicitude do Concello de Nigrán, co permiso da ilustradora, de realizar unha exposición co material de BRAVXS.



8M Día Internacional das Mulleres

A campaña do 8M empregou o lema «Porque foron, somos» para facer un recoñecemento ao papel das pioneiras da Universidade de Vigo. Co apoio do Arquivo universitario fíxose un primeiro achegamento á historia das mulleres na nosa universidade, desde os seus inicios no ano 1989. Esta breve reseña pretende ser unha modesta contribución á creación dunha xenealoxía que recolla a memoria das mulleres na Universidade de Vigo.

Nesta mesma liña, a Comisión de Igualdade decidiu recoñecer co décimo Premio do compromiso coa igualdade de xénero da Universidade de Vigo, Uviguala 2022, a Ángela González Garrido, primeira titulada da Escola Técnica de Peritos Industriais en 1965.

O galardón foi entregado á familia nun [acto institucional](#) no edificio Redeiras, tras a actuación musical da violonchellista Margarida Mariño.



25N Día Internacional contra a Violencia de Xénero

Nas universidades avanza moito na igualdade de xénero, pero aínda hai situacións que afectan de forma desigual a vida profesional, académica e persoal das mulleres e dos homes. Un contexto que, como o resto de ámbitos das nosas vidas, non é alleo ás violencias machistas.

Como universidade, podemos contribuír a facer fronte a esta situación achegando evidencias científicas, formando ás futuras xeracións de profesionais con perspectiva de xénero e elaborando recursos útiles e efectivos para toda a sociedade e, como comunidade universitaria, participando tanto individual como colectivamente da cultura de igualdade que illa os comportamentos e actitudes machistas.

Con este obxectivo, levouse a cabo unha batería de accións diferentes ao longo do mes de novembro:

1. Espazos de reflexión

- IV Workshop Hackeando o patriarcado «Novos aparatos ideolóxicos: o patriarcado de vixiancia»
[Vídeo do workshop](#)
- II Informe do Observatorio de Machismo Dixital Stop Machitroles
[Vídeo da presentación](#) [Informe completo](#)
- IV Xornada de sensibilización e prevención da violencia sexual na mocidade. Agresión off nas universidades. (Actividade conxunta da Secretaría Xeral de Igualdade e as tres universidades galegas). Participación na mesa redonda das universidades galegas e moderación da mesa de presentación de traballos do alumnado.
[Sesión da mañá](#) [Sesión da tarde](#)

2. Recursos

- «Libres e seguras, nas redes e nas rúas» [Vídeo](#) de sensibilización contra as violencias machistas dixitais. Dispoñible en galego e inglés.
- Recursos fronte ás violencias machistas. Dispoñible en [formato dixital](#) e tamén en papel (2 800 copias).
- Instalación de 13 paneis para sensibilizar e informar de como actuar fronte as violencias machistas en centros dos tres campus universitarios



Cubos informativos situados na Área Comercial do Campus de Vigo e folletos informativos en formato de peto.

Tamén se fixo unha campaña de información nas [redes sociais](#), con contidos propios sobre recursos relacionados coas violencias machistas no ámbito universitario.



Recursos difundidos: resultados da enquisa do proxecto europeo UniSAFE, a plataforma Sappho, No more haters e o recurso informativo propio da Universidade de Vigo.

Nesta ocasión, ademais de centrarnos na prevención das violencias dixitais e das violencias sexuais, tamén se tivo en conta a situación actual e incorporáronse á declaración

institucional as palabras de Bitá Saghaeian, alumna iraniana da UVigo, para denunciar a represión das protestas no seu país desde a morte de Mahsa (Zhina) Amini.

Outras datas

Durante todo o ano leváronse a cabo accións comunicativas arredor de datas significativas que se recollen no Calendario de Igualdade e outras que se valoraron como relevantes, como foron:

- 14 de febreiro Día europeo da saúde sexual
- 23 de febreiro Día de Rosalía de Castro
- 4 de marzo Día internacional de concienciación do VPH
- 14 de marzo Día mundial da endometriose (reparto de adhesivos para sensibilización en CC do Mar, Bioloxía, Ciencias Xurídicas, Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e Escola de Minas e Enerxía, Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e CC da Educación e Traballo Social; xunto coa difusión en RRSS dos materiais da asociación querENDO)
- 30 de marzo Día internacional das traballadoras do fogar
- 23 de abril Día do libro
- 16 de abril Día da visibilidadelésbica
- 28 de abril Día da saúde no traballo
- 1 de maio Día da clase traballadora
- 17 de maio Galegas nas letras
- 28 de xuño Día Internacional do Orgullo LGBTQI+
- 5 de setembro Día Internacional da Muller Indíxena
- 23 de setembro Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata
- 23 de setembro Día Internacional da Bisexualidade
- 26 de outubro Día da Visibilidade Intersex
- 18 de novembro Día Internacional das Persoas LGBTQI+ na Ciencia.


En todas estas datas elaboráronse contidos específicos, pondo en valor sempre algunha cuestións relacionada coa perspectiva de xénero, a presenza e participación das mulleres ou os feminismos. As publicacións foron difundidas nas tres redes sociais nas que a Unidade de Igualdade ten actualmente perfiles activos: Facebook, Instagram e Twitter.



Observatorio igualdad

Co obxectivo de dar visibilidade as desigualdades de xénero na universidade ampliouse o Observatorio cun novo informe de datos, o [Observatorio da Igualdade 2022](#). Este documento recolle unha nova proposta de indicadores universitarios, desagregados por sexo e analizados desde a perspectiva de xénero para ofrecer un recurso actualizado á comunidade universitaria.

A universidade é unha carreira de obstáculos para a igualdade de xénero



Axudas docencia e sensibilización

A Unidade de Igualdade mantén o seu compromiso de impulsar as actividades docentes e de sensibilización con perspectiva de xénero nos centros da UVigo. Con este obxectivo, convócase anualmente un programa de axudas económicas para desenvolver actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e á transmisión de valores igualitarios.

- [Convocatoria axudas docentes con perspectiva de xénero](#) (9 000 euros)
- [Convocatoria actividades de sensibilización](#) (9 000 euros)

Actividades docentes: 15 axudas (1 duplicada nas dúas convocatorias, valorouse nas de sensibilización)

	♀	♂	Total
Emprendemento e innovación en feminino	25	15	40
Ferramentas ecofeministas para outra Educación	36	43	79
(in)Visibilidade das Mulleres STEAM	70	30	100
IV Obradoiro sobre interpretación en contextos de violencia de xénero	70	3	73
Indagando nas capas da vida cotiá das mulleres	70	12	
Gay and Lesbian voices of Irish Fiction	Non realizada		
Women Writing War	12	4	16
V Xornada Olladas á Antigüidade. Violencia no universo feminino	23	22	45
Control de xestión dende unha perspectiva de xénero	46	34	80
Literatura norteamericana e ecofeminismos	15	6	21
Videoxogos e desigualdade: un enfoque multidisciplinar e feminista	10	3	13
A imaxe da muller na publicidade e a súa presenza nos órganos de admón. das sociedades cotizadas	22	17	39
I Obradoiro sobre comunicación en contextos de violencia de xénero	6	0	6
Xustiza e xénero	27	14	41
ODS 5 Igualdade de xénero. Os plans de igualdade na empresa	30	16	46
TOTAIS	462	219	682

Sensibilización: 14 solicitudes presentadas, todas con achega económica.

	♀	♂	Total
Club de lectura: Lendo con feministas	67	4	71
Outra atención cara a violencia de xénero é posible: olladas feministas e interdisciplinares	30	5	35
Feminismo e representacións socioculturais: antropoloxía e museografías feministas	62	16	78
Relación entre el sexo, el género y las enfermedades	10	7	17
Inequidades del cambio climático ¿por qué necesitamos enfoque de género?	20	25	45
Matemáticas por matemáticas	Non aplica		
La Inclusión de la mujer en el derecho tributario. Talentos visible	67	16	83
Á espreita das rías subterráneas	107	25	132
Visibilización en positivo! Rachando o teito de cristal dende o deporte de elite	10	7	17
Falemos de Ciencia en Igualdade	17	5	22
Perspectiva de xénero na ciencia, nas rías, nas casas	17	11	28
Micoloxía en feminino	Non aplica		
Mulleres na exploración feminina	Non aplica		
Cara un CIM máis equitativo	Non realizada		
TOTAIS	407	121	528

Distintivo de igualdade

A UVigo creou un distintivo de igualdade para promover a igualdade de xénero en todos os centros, facultades e escolas propias. No ano 2022 resolveuse a segunda edición, na que foron recoñecidos seis centros, que son, por orde de puntuación do xurado:

1. CIM-Centro de Investigación Mariña
2. Facultade de Educación e Traballo Social
3. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
4. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
5. Cinbio-Centro de Investigacións Biomédicas
6. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais




Arriba, imaxe do acto entrega do segundo Distintivo de Igualdade da Universidade de Vigo, 11-07-2022.
Abaixo, insignia física do Distintivo no edificio do CIM.



Tamén se convocou a terceira edición do Distintivo, que pechou o prazo de solicitudes o 9 de decembro. Ese mesmo mes iniciáronse as reunións do comité de avaliación.

Visibilizar e reforzar a figura de enlace de igualdade.

O 18 de xaneiro convocouse unha sesión de traballo na que se compartiu coas enlaces unha avaliación participada do traballo feito durante o ano 2021.



Durante todo o 2022 mantivemos unha comunicación continua e preferente de cuestións clave relacionadas coas accións desenvolvidas desde a Unidade que puideran ser de interese para os centros.

Neste ano ampliouse o número de enlaces, ao incorporarse esta figura en varios centros de investigación: CIM (Centro de Investigación Mariña), Cintecx (Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais) e AtlanTTic (Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación). Tamén se actualizaron as persoas responsables destas funcións en varios centros, por cambios na estrutura organizativa das escolas e facultades e xubilacións.

Reforzar con recursos humanos e económicos a Unidade de Igualdade.

Mantivéronse os recursos económicos de anos anteriores:

- Orzamento propio: 41 500 euros.
- Convenio Secretaría Xeral de Igualdade para a distribución de fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero: 40 000 euros.
- Convenio coa Deputación de Pontevedra para o mantemento da Cátedra Feminismos 4.0 DePo-UVigo: 60 000 euros.

Durante o ano, tras o fin do contrato da anterior posto base, incorporouse un novo traballador, Antonio Alonso Rodríguez, por acumulación de tarefas para desenvolver as funcións administrativas da Unidade.

Coincidindo co final e o comezo de dous cursos académicos, estiveron colaborando na Unidade dúas bolseiras en formación, Alba Zels Garrido rematando a súa bolsa no

segundo cuatrimestre do curso 2021/2022 e Marinha Paradelo Veiga, que se incorporou a finais de outubro de 2022.

Tamén se titorizou durante dous meses a unha alumna en prácticas do Grao Superior de Igualdade de Xénero do CIFP A Xunqueira.

Itinerario Virtual de Formación en Xénero

No ano 2022 leváronse a cabo dúas edicións deste [programa formativo en liña](#) que cumpre coa acción 3.1.1 do Plan, elaborar cursos de formación en liña de xénero para formar toda a comunidade universitaria.



A [sexta edición](#) do Itinerario desenvolveuse entre o 29 de marzo e o 29 de maio de 2022, cunha oferta de 19 cursos dispoñibles, ao sumar o curso [Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo](#). O itinerario ofreceuse como un recurso para a comunidade universitaria da UVigo e, por primeira vez, aberto ao público xeral e cun límite de cen prazas por acción formativa.

A seguinte convocatoria deste ano, a [sétima](#), tivo lugar entre o 28 de setembro e o 28 de novembro e mantivo a estrutura e a oferta da edición anterior. Como estratexia para tentar reducir o efecto do abandono habitual nas formacións deste tipo ampliáronse as prazas a 120 por curso.

O crecemento desta acción é constante desde que se iniciou no ano 2020. Non só aumentou a oferta de cursos, senón tamén de inscricións e eficiencia terminal.

Edición	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	7ª	TOTAL
Inscricións	1 257	656	905	284	903	1 900	1 845	7 750
Cursos rematados	779	405	799	219	435	595	1 354	4 586

De cara ás próximas edicións, comezaron a prepararse catro propostas que se incorporarán ao Itinerario, na busca de completar e actualizar os ámbitos que se tratan.

- Machismo Dixital: *A manosfera*, de Elisa García Mingo (UCM).
- Inclusión da perspectiva de xénero na universidade, Mª Jose Rodríguez Jaume (Universitat d'Alacant).
- Aproximación á teoría feminista (título provisional), de Antía Pérez Caramés (UdC).
- Novas leis para atallar as violencias machistas: medidas normativas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, de Marta García Mosquera.

Material docente con perspectiva de xénero

Xunto coa USC e a UdC, a Universidade de Vigo asinou, no ano 2019 un convenio de cesión de dereitos de tradución, reprodución, distribución e comunicación pública das **Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero** (*Guies per a una docència universitària amb perspectiva de gènere*) co Instituto Joan Lluís Vives.

Esta [colección](#), editada orixinalmente en catalán e traducido a lingua galega, ofrece recursos docentes e ferramentas de consulta para unha docencia universitaria sen nesgos de xénero para todo o sistema universitario galego.

Este ano actualizouse o convenio para traducir seis novas guías, asumindo a tradución, revisión e maquetación de dúas cada un dos servizos de igualdade das tres universidades galegas.



- [Enxeñaría Industrial](#) (UVigo)
- [Comunicación](#) (UVigo)
- [Enfermería](#) (USC)
- [Matemáticas](#) (USC)
- [Antropoloxía](#) (UdC)
- [Arquitectura](#) (UdC)

Ademais de ofrecer este recurso de 17 libros en formato dixital en acceso libre, a Unidade, como no caso das anteriores, asumiu a impresión de 15 exemplares das catro primeiras guías, xa que non foi posible dispoñer en prazo das dúas restantes. Estas copias, unha vez completada a publicación das de Antropoloxía e Arquitectura, serán presentadas publicamente e distribuídas nas bibliotecas universitarias da UVigo, na USC e na UdC, no Consello da Cultura Galega, no Centro de Documentación Feminista de Vigo e nas bibliotecas públicas de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Liña de publicación propia sobre estudos e investigación con perspectiva de xénero

Desde o 2021 a Unidade de Igualdade está traballando nunha colaboración cunha editorial galega para crear unha liña de publicación propia sobre estudos e investigación con perspectiva de xénero (acción 3.2.4).

Durante este ano, entregáronse os primeiros cinco manuscritos. Cada obra está organizada arredor dun tema, priorizando a participación de alumnado recoñecido cos premios Egeria, e coordinado e prologado por unha experta da Universidade de Vigo.

O primeiro libro, que estaba previsto presentar no 2022, está actualmente no prelo e prevese que se lanzará no primeiro trimestre do 2023.

Promover a investigación no marco dos estudos de xénero

A través da Cátedra Feminismos 4.0 DePo-UVigo dirixida pola directora da Unidade de Igualdade, Águeda Gómez, o 10 de xuño publicouse unha convocatoria de axudas ao financiamento de Proxectos de Investigación realizados por grupos de investigación dos Campus de Pontevedra e Vigo.

Nesta [cuarta edición](#) da axuda a Cátedra de Feminismos 4.0 apoiou a cinco investigacións:

- [As que están e as que marcharon: mulleres e migracións na industria do videoxogo](#) (Importe concedido: 4 766,30 €).
- [Carapuchiña e a pantalla feroz: identidades de xénero nas redes sociais](#) (Importe concedido: 3 824,81 €).
- [Unha mirada feminista á alborada da ciencia climática: pescuda, interpretación, valoración e réplica dos experimentos e achegas de Eunice Newton Foote en 1856](#) (Importe concedido: 5 884,20 €).
- [Toxicidade e violencias machistas en Instagram. Incidencia e percepción entre o alumnado da Universidade de Vigo](#) (Importe concedido: 5 472,42 €).
- [Identificación automatizada de comentarios sexistas nas redes sociais, mediante técnicas de IA. Taller demostrativo en institutos de secundaria da área de Pontevedra](#) (Importe concedido: 4 825,14 €).

Os proxectos, que tiñan de prazo para executarse ata o 28 de outubro, presentáronse a través de pósters no [Workshop: Sociedade dixital e xénero, Hackeando o patriarcado](#) que se fixo o 2 de novembro no edificio Redeiras.



Como reforzo á difusión destes traballos editouse un folleto informativo co apoio do Servizo de Imaxe que reúne información (título, IP, equipo investigador e breve resumo ou obxectivos do proxecto) dos traballos feitos ao abeiro desta axuda durante os últimos catro anos.

Para apoiar este obxectivo imprimíronse 300 unidades en formato papel que se distribuirán ao longo do 2023.

Premios Exeria

Mantívose a convocatoria dos [premios Exeria](#) á introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de máster da UVigo.

Co apoio do Servizo de Bolsas no ano 2021 presentouse a IX edición, na que foron recoñecidos por un xurado multidisciplinar, 6 traballos (4 TFG e 2 TFM) cun premio total de 3 300 euros.

Unha vez publicada a listaxe final actualizouse o [repertorio](#) para dar visibilidade a estes traballos e ás súas autoras e autores.

Dentro das medidas previstas no III Plan de igualdade, déronse os primeiros pasos para avanzar na ampliación deste premio para teses de doutoramento con perspectiva de xénero, como recolle a medida 3.3.2.

Promover a implementación dun programa de ludoteca ocasional

Outra das medidas contempladas no plan de igualdade en vigor (4.1.2.) prevé a implementación dun servizo de apoio puntual ao coidado de menores a cargo da comunidade universitaria. Durante o ano 2021 elaborouse un borrador de proposta que se presentou para valoración.

Esta acción está aínda iniciando o seu desenvolvemento xa que houbo cambios normativos, servizos públicos ampliados e accións doutras administracións e mesmo de servizos da propia Universidade de Vigo que fan que sexa preciso adaptar a proposta de deseño inicial.

Crear unha rede de voluntariado para acompañamento a situacións de violencia de xénero

Co fin de impulsar esta medida, desde a Unidade de Igualdade leváronse a cabo reunións cos servizos de responsabilidade social e voluntariado, xuntanzas coa [Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo](#) e comunicación coa cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro [Xeracción](#), da cidade de Ourense.

Tras estes primeiros pasos facilitouse o contacto para formalización de dous convenios para crear un programa de voluntariado con estas entidades.

Campañas multilingües contra a violencia de xénero

Para dar inicio a esta liña de traballo, este ano o recurso audiovisual Libres e seguras nas redes e nas rúas traducíuse ao [inglés](#), e está dispoñible en acceso libre con subtítulos en inglés.

Free and safe on the net and in the streets



Medidas de acción positiva nos criterios de promoción profesional da universidade

No Consello de Goberno do 28 de xullo de 2022 aprobouse unha medida de acción positiva que permite a redución de docencia por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.

En concreto supón a posibilidade de que profesoras a tempo completo que finalicen o seu permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento (duración mínima dun ano), poderán solicitar unha redución da súa dedicación docente de ata o 100% no primeiro curso académico e o 50% no segundo curso académico desde a data de finalización do permiso.

No novo apartado de «Conciliación e corresponsabilidade» do espazo web da Unidade está recompilada a [información](#) sobre esta nova acción.

Outras actividades

Boletín de Igualdade



Elaboración do boletín informativo mensual da Unidade de Igualdade. Publicáronse doce números, do 61 ao 72, que están dispoñibles no espazo web da Unidade de Igualdade: «[Boletín e recursos](#)».

Este recurso foi difundido a través das listas de correo internas de «Comunidade» e a de «Avisos» e nos perfís nas redes sociais da Unidade (Twitter, Facebook e Instagram). Tamén se elaborou un cartel para informar deste recurso e convidar ao envío de información que se fixo chegar por correo postal a todas as enlaces de igualdade antes de iniciar o curso académico 2022/2023.

Esta acción realízase ao longo de todo o ano polo persoal da Unidade de Igualdade, co apoio da alumna que obtivo a bolsa de formación na Unidade.

Comunicación en redes sociais

A Unidade de Igualdade ten presenza con perfís activos en tres redes sociais (Facebook, Instagram e Twitter). Ademais, desde o 25 de novembro, hai unha temo unha canle propia en [Youtube](#) para darlle maior difusión e facilitar o acceso aos materiais audiovisuais creados desde a Unidade.

Deseñáronse e difundíronse 159 publicacións con contidos propios (imaxes, infografía, animacións e vídeos) que se compartiron nos tres perfís activos. Tamén se crearon publicacións efémeras -para información de menor relevancia ou de carácter máis práctico e temporal- e compartíronse publicacións relacionadas coas temáticas nas que traballa a Unidade de Igualdade elaboradas por outros perfís nacionais e internacionais.

Cátedra Feminismos 4.0 DePo-UVigo

A [Cátedra de Feminismos 4.0 DePo-UVigo](#) ten como obxectivo incrementar a presenza de mulleres nas áreas coñecidas como STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas) e evitar que se reproduza a desigualdade de xénero no ámbito dixital.

A través desta colaboración coa Deputación de Pontevedra, realizáronse diferentes accións ao longo do ano.

- Presentación do o primeiro informe do Observatorio Stop *Machitroles* (27 de xaneiro)
- Entrega da segunda edición dos premios GirlGeekCovid (3 de febreiro)
- Reunión do Comité de Sabias (11 de febreiro)
- Convocatoria da 3ª edición dos premios GirlGeekCovid
- Convocatoria de axudas de investigación (10 de xuño)
- Cuarta edición do *workshop Hackeando o Patriarcado* (2 de novembro)
- Obradoiro de educación en ciberactivismo feminista 'Reescribe o código' (3 de novembro)
- Presentación dos tres vídeos coas conclusións do estudo A representatividade e representación das mulleres no audiovisual galego (9 de novembro)
- Presentación do segundo informe do Observatorio Stop *Machitroles*: A violencia machista dixital a través da prensa galega (14 de novembro)
- Reunión do Comité de Sabias (1 de decembro)

- Obradoiro sobre Cibercoitados. Como identificar e combater as violencias machistas online (13 de decembro)

Informe de seguimiento do III Plan de Igualdade

O [III Plan de igualdade da Universidade de Vigo](#) aprobouse o 20 de novembro de 2020, tras pasar un ano de execución elaborouse o [1º informe de seguimento. Ano 2021](#).

O documento abreviado, está dispoñible para consulta e descarga.

Reorganización do espazo web

Revisión, deseño da proposta e preparación de contidos (galego, castelán e inglés) para actualizar e reorganizar o [espazo web](#) da Unidade de Igualdade.



Co apoio da Vicerreitoría de Comunicación creouse un novo apartado, [A igualdade na UVigo](#), onde se presenta o servizo:

- [Quen somos?](#)
- [Que facemos?](#)
- [Medidas destacadas](#)

Tamén se incluíron novos contidos noutros apartados e diferenciouse, cunha entrada propia, o traballo en «[Conciliación e corresponsabilidade](#)» -está previsto aumentar estes contidos cunha guía de conciliación na que empezamos a traballar no ano 2022- e reorganizouse, completouse e renomeouse o apartado «[Contra as violencias machistas](#)».

Actualización e comunicación do Protocolo de Acoso

Comezamos a traballar na actualización do [Protocolo marco de actuación para a prevención e a sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo](#). Mais, os cambios normativos que tiveron lugar durante o ano 2022, xunto con outras actualizacións legislativas que se prevén para o 2023, fixeron que se tivera que adiar esta acción.

Como medida de prevención e sensibilización, lanzouse unha campaña de comunicación para dar a coñecer o Protocolo con cubos informativos, folletos físicos e información en [formato dixital](#) e nas redes sociais.

Campana de difusión



Como fórmula para promocionar o vídeo interactivo [Pode ser unha gran noite!](#), creado na campaña do 25N do ano 2021, deseñouse un mantel de papel para as bandexas das cantinas e cafés universitarios do que se distribuíron 2 000 copias entre os tres campus universitarios.

Calendario 2023

Mantense, como acción de sensibilización, formación e divulgación, a realización de calendarios de mesa dos que se distribuíron 720 copias físicas entre o persoal da Universidade de Vigo.

Nesta ocasión o [Calendario de Igualdade 2023](#), titulado «Violencias machistas dixitais. Recoñecer para combater», busca prever a violencia machista dixital, ofrecendo un recurso actualizado que ofrece un glosario e información sobre este tema e ferramentas e iniciativas nacionais e internacionais para facerlle fronte.

Club de lectura feminista Rosario de Acuña

A proposta da bolsa de formación, Alba Zells Garrido, como resposta á enquisa feita ao alumnado, PAS e PDI durante o ano 2021, organizouse un club de lectura en formato mixto, físico (Biblioteca Central) e virtual (Campus Remoto).

A estrutura das sesións foi:

11 de febreiro: *O conto da criada* de Margaret Atwood

11 de marzo: *Sempre falaron de nós* de Najat el Hachmi

8 de abril: *Orlando* de Virginia Woolf

6 de maio: *A creación do patriarcado* de Gerda Lerner

3 de xuño: *Sula* de Toni Morrison

Para cada sesión preparouse unha ficha con información da autora e da obra e unha batería de preguntas e cuestións relacionadas coa teoría feminista.



Encontros coas delegacións de alumnado

Como unha fórmula para continuar coa acción de achegamento ao alumnado, tiveron lugar varios encontros coas delegacións de alumnado interesadas nas que se presentou o traballo da Unidade de Igualdade, os recursos dispoñibles na UVigo en materia de igualdade e tamén se abriu unha quenda de palabra para coñecer as súas demandas e intereses.

Facultade de Ciencias do Mar: 01/02

Escola de Enxeñaría de Minas, Faculta de Ciencias Xurídicas e Escola de Enxeñaría de Telecomunicación: tres xuntanzas seguidas o día 02/02

Facultade de Bioloxía: 03/02


Asociación Auce- Asociación Universitaria de Ciencias da Educació do Campus de Ourense: 21/02 (virtual)



Puntos Lila

Formación e apoio material.

- DAT- Delegación de Alumnado da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (San Teleco)
- Delegación de Facultade de Bioloxía (San Alberte)
- Apoio material ao no Punto Lila do encontro de Educación Social de Galicia e Portugal organizado polo grupo de traballo Fiadeiras, do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia no no lugar de Grou, no Concello de Lobios.



Participación da Unidade de Igualdade en xornadas, seminarios e outras actividades

A Unidade participa de forma habitual en diferentes foros nos que se tratan temas relacionados coa igualdade de trato e de oportunidades, dentro e fóra do ámbito universitario.

- Asistencia ao eXXperimenta en feminino .
- Asistencia ao ElasFanCienTec.
- Asistencia con voz pero sen voto no Consello municipal da muller do Concello de Vigo (25/02; 08/03 e 17/11) incompatibilidades de axenda no resto de convocatorias.
- Asistencia con voz pero sen voto no Consello municipal da muller do Concello de Ourense (25/11/2022).
- Representación da UVigo, xunto á Unidade de Análises e Programas, no Estudio de Análisis de la Brecha Salarial de Género en las Universidades Públicas do Ministerio de Universidades.
- Asistencia e participación nas asembleas da RUIGEU (tres ao longo do ano).
- Reunións como vogal do Comité Executivo da RUIGEU (unha xuntanza mensual desde a incorporación ao comité no mes de xuño).
- Participación no programa de televisión Vigo a debate: 8M ([1](#) e [2](#)) e [25N](#).
- Charla formativa con alumnado de CC do Mar (09/03).
- Presentación na xornada [Promoción da igualdade no CIM](#).
- Participación na feira científica: [A ciencia que vén ten nome de muller](#).



Preparamos materiais propios de carácter lúdico para dar a coñecer o efecto Matilda e a situación das mulleres na ciencia. Durante todo o día acudiron 84 crianzas pola mañá e 510 pola tarde.

Participación no [vídeo de presentación](#) do traballo da Unidade de Igualdade

- Presentación do relatorio "Best examples of equity at Spanish Higher Education Institutions from the UVigo Equity Unit" no proxecto europeo [LoveDistance](#) (Learning Optimization and Academic Inclusion via Equitative Distance Teaching and Learning), coordinado pola IPP Porto, no que participan universidades de Georgia, Israel, Portugal, España e Rumanía e no que a UVigo é socia.
- Encontro apoio atlantTic e Cintecx (reunións de traballo individualizadas).
- Presentación «Por que, como, para que? Políticas públicas de igualdade na UVigo» no centro de investigación atlantTic.
- Asistencia ao [XV Encontro RUIGEU](#) (26-27 de maio, Alcalá de Henares) Presentación do Distintivo de Igualdade na mesa «Las políticas universitarias en materia de género: avances, novedades y temas pendientes».
- Reunións de traballo virtuais e presencias ao longo de todo o ano coas outras oficinas de igualdade do SUG.
- Encontros de traballo sobre violencias sexuais a nivel galego.

- Participación na mesa «Igualdade na docencia e investigación: retos pendentes» do [II Encontro Nacional sobre Políticas Públicas](#) da Escola de Igualdade María Vinyals da Deputación de Pontevedra.



- Participación de apoio técnico ao persoal investigador da UVigo na [Resolución del Instituto de las Mujeres, por la que se convoca la concesión de las subvenciones públicas destinadas a la realización de Investigaciones Feministas, de Género y sobre Mujeres, para el año 2022](#).
- Obradoiro formativo presencial de 4 h sobre igualdade de trato e de oportunidades no Programa universitario para o emprego e a vida autónoma, un título propio da Universidade de Vigo en colaboración coa Asociación Down Vigo.
- Preparación da candidatura da Universidade de Vigo aos premios "Gender Equality Champions:Newcomer Gender Equality Champions" co apoio da Oficina de Proxectos Internacionais.
- Participación nas xornadas de benvida do curso 2022/2023 nos tres campus nas que participaron arredor de 3 000 estudantes.



Imaxes da xornada de benvida no Campus de Pontevedra e no Campus de Ourense.

- Participación na comisión de traballo do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade da Secretaría Xeral de Igualdade.
- Inauguración da xornada «[A inclusión da muller no dereito tributario. Talentos visibles](#)».
- Formación na experiencia de aprendizaxe dinamizada «[Fundamentos sobre la igualdad entre mujeres y hombres](#)» do Instituto Nacional de Administración Pública.

- Presentación na sesións de acollida da Facultade de Bioloxía e na da Facultade de Ciencias do Mar.
- Participación no panel de debate sobre igualdade da xornada [Cultura laboral en investigación](#) organizada por InvestiGal-Rede Galega pola Investigación xunto coa Asemblea de Investigadoras de Compostela.
- Participación nun dos grupos de traballo do [Foro de Identidades e Disidencias Sexuais para identificar e dar resposta axeitada ás necesidades das persoas LGTBI](#)
- Participación como relatora convidada da Comisión de Igualdade do Parlamento de Galicia.
- Presentación na [xornada «Falemos de ciencia en igualdade»](#) no Salón de Actos da Facultade de Bioloxía da UVigo.
- Asistencia á II xornada [Muller na profesión de Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais](#).
- Asistencia á conferencia da maxistrada Paz Filgueira nas [actividades de conmemoración do 25N na Facultade de Ciencias Xurídicas](#).
- Asistencia aos [premios Meninas de Galicia 2022](#) en representación do reitor.
- Entrevista co grupo de 2º Bacharelato dun centro de Vitoria (Álava) dun programa de participación xuvenil sobre a experiencia da UVigo en facer accesibles os produtos menstruais.
- Primeiras comunicacións na adhesión da UVigo á RUD (Red de Universidades por la Diversidad) e traspaso de competencias á recién creada Vicerreitoría de Equidade e Diversidade.
- Participación na reunión de traballo da Comisión de prevención e riscos laborais da Universidade de Vigo.
- Participación no comité de elaboración do código ético e no de normas de convivencia da Universidade de Vigo.
- Presenza na [xornada de presentación](#) dos traballos realizados dentro da Cátedra Aldaba-WIB, na que participan a UDC e a Uvigo.
- Integrante da comisión de avaliación dos [Premios Valedora do Pobo para TFG y TFM sobre igualdade e dereitos das mulleres](#).
- De forma habitual aténdese a medios de publicación (radio, prensa e televisión) que piden a participación da directora da Unidade de Igualdade como figura experta.

Proposta para a Athena Alliance University

Desde a primeira quincena do mes de xullo o equipo da Unidade comezou a traballar no deseño dun borrador para presentar na Athena Alliance University en representación da Universidade de Vigo. Esta proposta, xunto co traballo da Unidade presentouse nun encontro no Instituto Politécnico do Porto (4 de outubro).

A partires de aquí, a Unidade foi designada como líder dunha das tarefas do próximo programa. Ao longo destes meses levamos a cabo a xestión do grupo de traballo, a convocatoria e facilitación das reunións de traballo e a preparación de todos os documentos.

Este traballo aínda está en proceso.

Seguimento do funcionamento dos dispensadores

Tras a instalación no mes de maio dos [dispensadores para facilitar o acceso a produtos menstruais gratuítos](#) entre o alumnado, a Unidade está a facer o seguimento do uso e trasladando os avisos de posible mal funcionamento.

Protocolo marco de actuación para a prevención e a sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo

Atención, acompañamento, xestión e seguimento de dúas queixas recibidas durante o ano. Pola especial sensibilidade desta cuestión os datos foron tratados e están rexistrados anonimizados e non se inclúen máis comentarios neste informe.

Ao tratarse de queixas presentadas sen carácter formal as dúas foron tramitadas en exclusiva desde a Unidade e non se trasladaron á Comisión contra o Acoso Sexual (CAS), quen só se ocupa das denuncias formais.

Protocolo para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas trans e intersexuais

Recibíronse solicitudes de seis persoas sobre cuestións relacionadas coa aplicación ou tramitación do protocolo. Todas as peticións foron xestionadas con celeridade e confidencialidade e resoltas co apoio directo da Secretaría Xeral.

Convenios de colaboración

Desde a Unidade realízanse as tarefas de deseño, xestión, seguimento e avaliación de dous convenios de colaboración económica para o desenvolvemento de distintos programas de actividades.

- Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero
- Convenio de colaboración para o desenvolvemento da Cátedra Feminismos 4.0 DePo-Uvigo no ano 2022

Premios

Dentro das accións realizadas anualmente pola Unidade está a convocatoria e a resolución de dous premios, ademais dos xa citados premios Exeria.

- X premio de compromiso coa igualdade de xénero da Universidade de Vigo [Uviguala](#)
- 3ª edición dos premios [Girl Geek Covid](#)

O primeiro deles, é outorgado pola Comisión de Igualdade e entrégase no acto institucional do 8M. O segundo, realizado ao abeiro da Cátedra Feminismos 4.0, recíbeno as alumnas seleccionadas nun evento propio nunha data próxima ao 11F.



Queixas e suxestións

No ano 2022 recibíronse dúas queixas a través das QSP por rexistro que foron atendidas con celeridade dentro dos prazos establecidos e suxestións a través do correo electrónico do servizo (igualdade@uvigo.gal), tamén atendidas de xeito preferente dentro das competencias da Unidade de Igualdade.

Consultas

É habitual no servizo recibir consultas a través do correo electrónico, por vía telefónica ou en atención presencial sobre temas diversos relacionados coa igualdade de trato e de oportunidades ou coa introdución da perspectiva de xénero.

Os temas sobre os que se atenderon estas solicitudes foron:

- Introducción da perspectiva de xénero nos diferentes ámbitos de actividade da vida universitaria (investigación, docencia, xestión etc.)
- Medidas de conciliación
- Igualdade de trato
- Igualdade de oportunidades